

Decreto de incoación do expediente de contratación do servizo de “PROGRAMA RIANXO MADRUGA”. Exp: 2024/C004/000003

Á vista dos seguintes antecedentes:

Primeiro.- En relación á necesidade do servizo:

1. Visto que este concello considera de interese xeral desenvolver o servizo “PROGRAMA RIANXO MADRUGA” para os cursos 2024/2025 e 2025/2026,
2. Visto que o concello non ten persoal axeitado para desenvolver esta actividade, polo que é necesario proceder á contratación dunha empresa de servizos que o preste.
3. Visto o informe de necesidade de data 14/08/2024, do alcalde do Concello de Rianxo, onde se xustifica a necesidade de esta contratación, en base ao seguinte: “...co ánimo de favorecer a conciliación laboral e familiar das familias rianxeiras. Este actividade levarase a cabo nos centros escolares Ceip ADR Castelao de Rianxo, Cep Brea Segade de Taragoña e Ceip Ana Mª Diéguez de Asados...”

Segundo.- En relación ao contrato que se pretende adxudicar e ao procedemento de licitación a utilizar:

1. Visto o disposto no artigo 17 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público que define como contratos de servizos: *Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario. Non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.*
2. Considerando que, tendo en conta a insuficiencia e falta de adecuación dos medios persoais e materiais cos que actualmente conta o concello, para o desenvolvemento da tarefa descrita resulta preciso celebrar un contrato que teña por obxecto a prestación do Servizo Programa Rianxo Madruga durante o curso 2024-2025, susceptible de prórroga para o curso 2025-2026
3. Vistos os pregos de prescricións técnicas de data 16/08/2024 redactados pola animadora sociocultural do Concello de Rianxo, Uxía Cespón Ordóñez, así como o estudo económico do servizo,
4. Considerando xustificada a non división do contrato en lotes con arranxo ao establecido no artigo 99.3 da LCSP se entende xustificada conforme ao indicado no informe da animadora sociocultural do Concello de Rianxo, que literalmente dí: “Non se considera pertinente dividir o contrato en lotes (un lote por cada instalación), posto que se trata dun servizo único, onde se vai a desenvolver un único proxecto socioeducativo, igual para todas as instalacións, no que se desenvolveran as mesmas actividades, cos mesmos recursos e características. De producirse unha división por lotes, podería resultar que o servizo e os proxectos fosen de diferente calidade, e beneficiar a uns participantes máis que a outros.”
5. Tendo en conta que en atención ao valor estimado do contrato, inferior ás cantidades establecidas no artigo 22.1.a) da LCSP, o contrato non está suxeito a regulación armonizada,

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 627.509 exp. 2024/C004/000002

6. Tendo en conta a necesidade de acelerar a adxudicación para que o contrato poida estar formalizado previo inicio do curso escolar que está previsto para o día 11 de setembro de 2024, xa que dita licitación non se puido iniciar ata a entrada en vigor do orzamento do exercizo 2024, que tivo lugar o 23/07/2024, xustifícase a tramitación urxente do expediente, acordando a utilización do procedemento aberto, tramitación urxente simplificado (art 156 e 119 da LCSP),

Por todo o anterior, e no uso das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, mediante a presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Incoar o expediente de contratación por procedemento aberto, tramitación urxente, do Servizo de PROGRAMA RIANXO MADRUGA CURSO 2024-2025, prorrogable ao curso 2025-2026, cun orzamento base de licitación para o curso 2024-2025 de 24.691,96 euros, máis 2.469,20 euros de IVE (10%), facendo un total de 27.161,16 euros.

De conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP, e en atención ao estudo de costes confeccionado polo servizo obrante no expediente, o valor estimado desta contratación, para a duración prevista do contrato, incluíndo as posibles prórrogas, primas, modificados e contratos complementarios, ascende á cantidade de 54.322,31 € (sen IVE).

SEGUNDO: Incorporar ao expediente a documentación esixida pola Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

1. Certificado de existencia de crédito por importe de 8.392,49 euros para a anualidade 2024, emitido pola Intervención en data de 14/08/2024.
2. Prego de Prescricións técnicas asinado en data de 16/08/2024
3. Prego de Cláusulas administrativas regulador do contrato, no que se valorarán os seguintes criterios de adxudicación:

a. Criterios avaliados automaticamente: 85 puntos

1. Prezo: ata un máximo de 85 puntos.

Para a valoración da oferta económica utilizarase a fórmula do Departamento de Matemáticas de la Universidade de Santiago de Compostela, publicada pola Diputación de A Coruña, nos seus pliegos-tipo relativos aos Plans de obras e servizos de competencia municipal.

b. Criterios de valoración que implican un xuízo de valor: 15 puntos.

Valorarase con 15 puntos a mellor proposta técnica para o desenrolo do proxecto socio educativo tendo en conta:

PROYECTO	Máximo 15
-----------------	------------------

Programa de actividades tipo durante un mes	Máximo 5
Adecuación las edades y características de los participantes, diversidad y originalidad	Máximo 3
Se valora que sea realista, coherente y factible con el servicio que se debe prestar.	Máximo 2
Protocolo de necesidades educativas especiales	Máximo 4
Se valorará si el protocolo recoge diversas técnicas metodológicas, recursos metodológicos y adaptaciones a distintas necesidades.	
Medios materiales y recursos para su ejecución	Máximo 3
Se valorará si son suficientes y adecuados para la propuesta de actividades presentada y para el desarrollo del proyecto en general .	
Protocolo de recogida y resolución de quejas	Máximo 3
Se valorará si el protocolo es adecuado para el servicio a prestar, la diversidad de mecanismos e instrumentos y la eficacia de los canales de comunicación.	

TERCEIRO.- Que se incorporen ao expediente os pregos reguladores da presente contratación, redactado conforme aos criterios indicados.

CUARTO.- Efectuado o anterior, someter o expediente con tódolos documentos anteriores a informe de secretaría e á fiscalización da intervención municipal.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Julián Bustelo Abuín, do que eu, Vanessa Reboredo Fraga, como secretaria accidental, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).